



CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO (FGM) E A ASOCIACION VECIÑAL DE A SEARA (QUIROGA - LUGO)

Dunha parte Don. ALEJANDRO LÓPEZ SÁNCHEZ en calidade de Presidente da FGM con CIF.: G36630259, e por outro lado Dona. ASUNCION SIO ESCUDERO en calidade de representante legal da Asociación Veciñal de A Seara con CIF.: G27515246

Polo presente documento acordan establecer unha relación de colaboración entre ambas entidades para o uso e desfrute da infraestrutura “Refuxio de A Seara” propiedade da FGM e sito nas seguintes coordenadas: 42.574579º, -7.093182º

Grazas a mediación da Asociación Veciñal de A Seara, unha persoa afín a esta entidade e relacionada co lugar de A Seara, doou no mes de agosto de 2025, a nova caldeira de auga quente así como a súa instalación para renovar dito servizo no refuxio. En agradecemento a esta colaboración, a FGM quere facilitar o uso de esta instalación a esta entidade, asinando os seguintes termos:

- Permitir o uso e desfrute da instalación “Refuxio de A Seara” sen requisito imprescindible (reflexado no documento “Regulamento de Refuxios”) de que ao menos unha (1) persoa do grupo sexa federada na FGM.
- Permitir o uso da instalación de maneira gratuíta para eventos, actividades, xuntanzas, etc, que non impliquen pernocta, sempre e cando o refuxio non este reservado por outras persoas para a actividade de montañismo.
- Dispor do refuxio para actividades con pernocta ata un máximo de 45 persoas, deixando así sempre un mínimo de 5 prazas para posibles federados que queiran acceder ao refuxio.
- Manter o prezo de dez euros (10€) para a pernocta por noite e persoa, sen necesidade de ter que ser federados na FGM, para grupos menores de 20 persoas e de sete euros con cincuenta céntimos (7,5€) para grupos de máis de 20 persoas.
- Por a disposición da Asociación o coñecemento nos deportes e disciplinas de montaña para o asesoramento, que poida precisar a Asociación. Sempre e cando entre dentro das competencias e limitacións da FGM.
- A Asociación comprométese a velar e coidar polo bo estado do refuxio e a súa contorna.
- A Asociación comprométese a promocionar o entorno e o uso da instalación mediante un uso axeitado e co obxectivo principal de valorar e desfrutar o entorno natural.



PROTOCOLO DE RESERVAS:

- Todas as reservas faranse mediante a Asociación e como un grupo único. Sendo a Asociación a entidade que reserva e podendo ser unha terceira entidade a promotora da actividade e polo tanto que sexa esta última quen pague o importe do uso da instalación.
- As reservas faranse sempre a través de: <https://fedgalmon.gal/refuxio-a-seara-club/>
- Cubrir os datos específicos que solicita o formulario.
- Para grupos a partir de 20 persoas, introducir o *código: FGM20*, que habilita o desconto do 25% sobre á tarifa.
- Este enlace é único e exclusivo de uso para os grupos que veñan a través da Asoc. Veciñal A Seara. Será esta última ou a FGM as entidades que poderán difundir este enlace. Polo tanto queda totalmente PROHIBIDO difundir dito enlace sen permiso da FGM ou sen a autorización expresa da Asoc. Veciñal A Seara.

Este acordo terá vixencia dende a súa sinatura durante 1 ano, renovable automaticamente se algunha das partes non mostra interese algún de revocar o acordo.

E en proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente acordo de duplicado exemplar, no lugar e data indicados anteriormente.

En A Seara, Lugo a 15 de Setembro de 2025

Alejandro López Sánchez
Presidente da FGM

Asunción Sio Escudero
Presidenta A.V. A Seara